

**REUNIÓN DA COMISIÓN 7.^a,
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,
GANDARÍA E MONTES**

Día: 09.02.2018

Hora: 10:30

A Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 9 de febreiro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 21646 (10/POC-003463)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e 3 máis
Sobre as medidas adoptadas para evitar as escorrentías producidas pola cinza dos incendios e as fortes choivas e as súas consecuencias nocivas para o medio ambiente
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 234, do 29.12.2017
- 1.2 22086 (10/POC-003600)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre a desclasificación do monte veciñal en man común de A Lanzada do concello de Sanxenxo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 237, do 11.01.2018
- 1.3 22437 (10/POC-003649)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as consecuencias da creación da Axencia Galega da Industria Forestal e o seu impacto na xestión forestal
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 242, do 18.01.2018
- 1.4 22758 (10/POC-003751)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre os requisitos exixidos para o acceso das organizacións profesionais agrarias ás subvencións convocadas na Orde do 29 de novembro de 2017, da Consellería do Medio Rural, para actividades de interese agrario, as razóns existentes para non convocar eleccións sindicais agrarias desde o ano 2002 e os criterios seguidos pola Consellería para considerar legal unha organización de profesionais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 242, do 18.01.2018
- 1.5 22911 (10/POC-003773)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as medidas adoptadas e previstas polo Goberno galego en relación coa perda de explotacións, de superficie agraria utilizada e de unidades de traballo/ano rexistrada en Galicia nos últimos dez anos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 246, do 24.01.2018

- 1.6 23387 (10/POC-003885)
 Grupo Parlamentario Popular de Galicia
 González Vázquez, José e 6 máis
 Sobre o orzamento que está a destinar a Consellería do Medio Rural para os plans de incorporación da mocidade á actividade agraria, así como para os de mellora das explotacións
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 247, do 25.01.2018
- 1.7 23499 (10/POC-003913)
 Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
 Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio
 Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para conseguir que o valor engadido do leite producido en Galicia quede na súa maioría no territorio galego
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 247, do 25.01.2018
- 1.8 24029 (10/POC-004004)
 Grupo Parlamentario de En Marea
 Quintero Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David
 Sobre os protocolos que ten a Xunta de Galicia para evitar nos concellos rurais a interrupción prolongada do acceso ás tecnoloxías da información e da comunicación
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 251, do 01.02.2018

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2018

Moisés Blanco Paradelo
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7.^a, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Moisés Blanco Paradelo	P
Vicepresidente	
Daniel Vega Pérez	P
Secretario	
José Manuel Pérez Seco	S

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Carlos Gómez Salgado	P
José González Vázquez	P
Paula Quinteiro Araújo	EM
José Antonio Quiroga Díaz	S
José Luis Rivas Cruz	BNG
David Rodríguez Estévez	EM

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes

Día: 09.02.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e
Montes

Día: 09.02.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 21646(10/POC-003463)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 3 máis

Sobre as medidas adoptadas para evitar as escorrentías
producidas pola cinza dos incendios e as fortes choivas e as
súas consecuencias nocivas para o medio ambiente

Publicación da iniciativa, 234, 29.12.2017

Á Mesa do Parlamento

Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araújo, Luis Villares Naveira e Paula Vázquez Veroa, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 7.ª**

Coa chegada das choivas e especialmente coa cicloxénese explosiva Ana, e outras que virán despois, e cos intensos incendios producíronse escorrentías que provocan que o coñecido como “chapapote do monte” chegue ao mar, poñendo en perigo as augas dos ríos, a flora e fauna, entre eles as lampreas, as anguías, e outros, e tamén os bancos marisqueiros, as bateas con mexillón, os ecosistemas propios das rías, a da costa máis próxima.

É urxente tomar medidas que podan paliar os danos que se poden ocasionar implementando medidas para reducir a contaminación derivada das cinzas, e da biomasa calcinada, e tamén dos residuos.

Esta chega agora inevitablemente a través dos ríos contaminados polo arrastre das choivas dese chapapote do monte a través do Arnoia, que deixou imaxes dun río negro, tamén en Esgos, en Xunqueira de Espadañedo, en Baños de Molgas, pois arderon en toda Galicia máis de 50.000 hectáreas.

Tamén noutras zonas como nos Ancares onde o río que se converte en afluente do Ser baixaba con terra e ramas das zonas queimadas, inda que a neve axudou a que non fora a máis, tamén baixaba negro o río en Nogueira de Ramuín, Parada de Sil, Maceda, Allariz.



A Xunta de Galicia gastou cartos en espallar palla polos montes de Ancares con helicópteros, cando co custo do mesmo se contrata unha brigada traballando todo un mes, para evitar que se pisara o chan... nun solo no que é evidente a perda de terra, de solo, que tardará anos en recuperarse, tal e como denuncian asociacións ecoloxistas. Despois de gastar tantos cartos nisto, multa as gandeiras se as vacas pacen no monte queimado, ou se o pisan ao pasar de monte a monte sen ter en conta a perda económica que xa sofren.

Tamén se espallou mediante este método noutras zonas sen éxito, pois á vista dos temporais que normalmente asolagan Galicia, estas medidas semellaban e foron insuficientes. As Confederacións Hidrográficas tiveron tempo de traballar nun outono especialmente seco e poñer medidas e barreiras de contención e arrastre, fora dunha campaña de cara aos medios.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.^a

1. Cre a Xunta de Galicia que se tomaron as medidas axeitadas para evitar escorrentas?
2. Que medidas se tomaron a parte de espaxer palla no monte, e limpar as cunetas?
3. Que medidas tomaron as Confederacións Hidrográficas para evitar a contaminación das augas e dos ríos?
4. Que medidas se van tomar agora para evitar a contaminación dos bancos marisqueiros en plena campaña de Nadal?
5. Que outras medidas vai tomar a Xunta de Galicia para garantir a calidade das augas destinadas a consumo humano?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2017 17:45
Nº Rexistro: 21646
Data envío: 19/12/2017 17:45:41.568



6. Que medidas se van tomar de cara a protexer os ecosistemas dos ríos fronte a chegada das cinzas aos mesmos e mesmo as rías?

Santiago de Compostela, a 19 de decembro de 2017

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araújo

Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputados e deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 19/12/2017 17:35:06

Paula Quinteiro Araújo na data 19/12/2017 17:35:24

Paula Vázquez Verao na data 19/12/2017 17:35:31

Luis Villares Naveira na data 19/12/2017 17:35:36

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e
Montes

Día: 09.02.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 22086(10/POC-003600)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a desclasificación do monte veciñal en man común de A
Lanzada do concello de Sanxenxo

Publicación da iniciativa, 237, 11.01.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 13:19
Nº Rexistro: 22086
Data envío: 03/01/2018 13:19:41.612

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª**.

O monte de A Lanzada foi declarado como veciñal en man común o día 22 de xuño de 1989. Con data de 22/1/1994, o Concello de O Grove presenta, diante da Sala do Contencioso-Administrativo do TSX de Galiza, a petición da revisión de oficio da declaración do monte veciñal de A Lanzada, alegando un defecto de forma. Tal defecto consiste en que no proceso de declaración do monte de A Lanzada como de veciñal en man común, o concello de O Grove non foi consultado.

Logo de varias desestimacións do recurso presentado polo Concello de O Grove, con data 5 de maio de 2011, un auto ditado polo Xulgado Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, declara nula a declaración do monte de A Lanzada como de veciñal en man común e obriga ao Xurado Provincial de clasificación a revisar o acordo da declaración.

O día 14 de xuño de 2017, o Xurado de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, co voto en contra do representante das comunidades de montes da provincia de Pontevedra, declarou como non veciñal o monte de A Lanzada na parroquia de Noalla, no concello de Sanxenxo, revocando unha sentenza do mesmo organismo de data xuño de 1989.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 13:19
Nº Rexistro: 22086

Data envío: 03/01/2018 13:19:41.612

O informe máis negativo, e determinante para non declaración do monte veciñal de A Lanzada como veciñal en man común, foi o do Servizo Provincial de Montes, organismo da Consellería de Medio Rural, e consideramos que obrigado a velar pola integración e conservación dos montes veciñais.

Afirma o citado informe que non se pode declarar o monte como de veciñal en man común xa que **os usos actuais do mesmo, non son forestais**. Claro que o artigo da lei de montes veciñais en man común actualmente vixente di que os montes veciñais sono, independentemente dos seus usos actuais.

De igual xeito irregular dá validez a que o monte de A Lanzada estea no rexistro de bens do concello de O Grove cando o **artigo 27 do regulamento da lei de montes veciñais** di que o feito de que un monte estea rexistrado a favor de terceiros, non é impedimento para a clasificación do mesmo como de veciñal en man común.

Igualmente argumenta que non se pode declarar o monte como veciñal por se atopar dentro da Rede Natura cando estar nesta figura de protección medioambiental pode hipotecar usos pero non pode cuestionar a propiedade.

Por todo o exposto anteriormente fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 7ª:

-Por que o Xurado Provincial de Pontevedra de clasificación de montes veciñais en man común, organismo dependente da Consellería do Medio Rural, cambiou os criterios (incumprindo os preceptos da lei de montes veciñais en man común actualmente vixente) e desclasificou o monte veciñal en man común de Noalla?

-Que intereses ocultos, ou non ocultos, existen para que o Xurado provincial de



BLOQUE
NACIONALISTA
GALIGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 13:19
Nº Rexistro: 22086

Data envío: 03/01/2018 13:19:41.612

clasificación de montes veciñais de Pontevedra, incumprindo os preceptos de lei de montes veciñais, desclasifícase o monte de Noalla, como veciñal en man común?

-Está a Consellería ó tanto de que se trata dun anaco de monte que pola súa situación xeográfica ten un alto valor especulativo, que xa fora obxecto, antes da súa devolución á propiedade comunal, de proxectos urbanísticos e que continúa a ter esa imaxe de posible especulación?

-Cal é o posicionamento actual da Consellería a respecto do Monte de A Lanzada?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 13:19
Nº Rexistro: 22086
Data envío: 03/01/2018 13:19:41.612

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/01/2018 13:19:00

María Montserrat Prado Cores na data 03/01/2018 13:19:05

Ana Pontón Mondelo na data 03/01/2018 13:19:11

Olalla Rodil Fernández na data 03/01/2018 13:19:13

Noa Presas Bergantiños na data 03/01/2018 13:19:14

Xosé Luis Bará Torres na data 03/01/2018 13:19:16

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes

Día: 09.02.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 22437(10/POC-003649)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as consecuencias da creación da Axencia Galega da
Industria Forestal e o seu impacto na xestión forestal

Publicación da iniciativa, 242, 18.01.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2018 13:54
Nº Rexistro: 22437
Data envío: 08/01/2018 13:54:50.792

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

No DOGA de 29 de agosto de 2017, mediante decreto, crease a chamada Axencia Galega da Industria Forestal, que asumirá tódalas competencias da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación forestal, agás a de prevención e loita contra os lumes forestais.

Non houbo para a súa creación ningunha consulta nin debate coas organización sectoriais relacionadas co monte furtando a posibilidade, de presentación de achegas pola sociedade galega.

Segundo o decreto polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal, esta, entenderá basicamente da industria de produción forestal de madeira, (a día de hoxe eucaliptus e piñeiros) ,e cultivos enerxéticos.

Poderíase deducir que a produción doutras especies madeireiras con posibilidades de seren utilizadas en industrias de segunda e terceira transformación e polo tanto xeradoras de valor engadido non terán xa cabida no monte galego. Ou que a nova Axencia non atenderá ás funcións sociais e medioambientais que todo monte debe cumprir e terán estas carácter residual.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2018 13:54
Nº Rexistro: 22437

Data envío: 08/01/2018 13:54:50.792

A planificación das políticas de montes e as especificamente forestais deberían ser froito dun estudo emanado do sector e das orientacións dos expertos na materia e plasmados nun Plan Forestal a moi longo prazo, pois os ciclos e características do monte así o demandan. Pero este Plan Forestal de Galicia ademais de violentado e burlado está sen revisar.

A creación da Axencia Galega da Industria Forestal antes de estar aprobado o Plan Forestal de Galiza, vén a suxerirnos que para a Xunta de Galicia, as únicas industrias que virá ter o monte galego serán as derivadas da produción de eucaliptus, piñeiros e cultivos enerxéticos. Todo isto danos a entender que as intencións das políticas do PP , aparte as frases de propaganda, van orientadas nese sentido.

En Galicia, o monte público (das entidades locais menores, dos concellos, das deputacións provinciais, da Xunta de Galicia), ocupa un escaso 4%. Ata o de agora, o órgano consultivo para política de montes era o Consello Forestal de Galicia, un órgano que aínda que tiña eivas na súa representación, nel estaban representados os titulares dos montes e algunhas organizacións sectoriais relacionadas co monte.. Agora, coa creación da Axencia Galega da Industria Forestal, o órgano consultivo, denominado Consello Reitor, estará composto por 11 persoas (10 da Administración Autonómica e 1 da Administración local).

Por todo o anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

--Cando un titular dun monte, decida que que as súas terras deben ser planificadas de xeito multifuncional e sustentable ou mesmo decida que nas súas terras, o aspecto forestal é o menos importante, será aprobado o seu Plano de Ordenación?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2018 13:54
Nº Rexistro: 22437
Data envío: 08/01/2018 13:54:50.792

--Será castigado a non recibir ningún tipo de axuda e a non poder comercializar os seus aproveitamentos?.

--Non nos leva a creación desta Axencia a unha situación de intervencionismo feroz dos intereses económicos da industria da madeira e forestal usando, unha vez máis, como medio ó goberno galego?

--Se na práctica, a Axencia Galega da Industria Forestal vai asumir tódalas competencias da Consellería de Medio Rural en materia de montes, cal vai se-lo papel que cumpra o actual Consello Forestal de Galicia?

--Vaise suprimir e con el a xa cativa representación das organizacións sectoriais relacionadas co monte?

--Considera acaído que no Consello Reitor da Axencia Galega da Industria Forestal, non estean representadas as organizacións sectoriais relacionadas co monte ?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2018 13:54
Nº Rexistro: 22437

Data envío: 08/01/2018 13:54:50.792

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/01/2018 13:51:50

María Montserrat Prado Cores na data 08/01/2018 13:51:55

Ana Pontón Mondelo na data 08/01/2018 13:51:57

Olalla Rodil Fernández na data 08/01/2018 13:51:58

Noa Presas Bergantiños na data 08/01/2018 13:52:00

Xosé Luis Bará Torres na data 08/01/2018 13:52:02

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes

Día: 09.02.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 22758(10/POC-003751)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre os requisitos exixidos para o acceso das organizacións profesionais agrarias ás subvencións convocadas na Orde do 29 de novembro de 2017, da Consellería do Medio Rural, para actividades de interese agrario, as razóns existentes para non convocar eleccións sindicais agrarias desde o ano 2002 e os criterios seguidos pola Consellería para considerar legal unha organización de profesionais

Publicación da iniciativa, 242, 18.01.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2018 11:53
Nº Rexistro: 22758
Data envío: 11/01/2018 11:53:09.372

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª**.

Na Orde do 29 de novembro de 2017 da Consellería de Medio Rural, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás organizacións profesionais agrarias para actividades de interese agrario e se procede á súa convocatoria para o ano 2017, no seu artigo 2 dise o seguinte:

Artigo 2. *Beneficiarios*

Serán beneficiarias as organizacións profesionais agrarias legalmente constituídas en Galicia que concorreron ás eleccións a cámaras agrarias que tiveron lugar o 26 de maio de 2002 segundo o recollido na disposición transitoria única da Lei 1/2006, do 5 de xuño, do Consello Agrario Galego.

Da lectura deste artigo dedúcese que desde o 2002 ata hoxe nada se moveu no sector agrogandeiro-forestal deste País e os profesionais dese sector que opten por outras organizacións agrarias non teñen dereito a axudas da Consellería e mesmo poden estaren bordeando a ilegalidade.

Isto suscita varias preguntas:

-Está morto o sector que xa non se celebran eleccións sindicais?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2018 11:53
Nº Rexistro: 22758
Data envío: 11/01/2018 11:53:09.372

-Cales son os criterios de legalidade para a Consellería considerar legal unha organización de profesionais?

Pero aínda hai máis. Nos requisitos esixidos na documentación a presentar pra solicitar axudas, o artigo 18, apartado 1, letra C reza así:

c) Certificado emitido por unha organización profesional agraria a nivel estatal, de pertencer e participar activamente en actividades e actuacións da organización (se for o caso).

É dicir que a Consellería de Medio Rural precisa un aval estatal para que as organizacións agrarias "*de la periferia*" poidan ter recoñecemento legal... Vaites vaites...

Faise pois necesario urxentemente abordar a representatividade real a día de hoxe e para iso é preciso convocar eleccións sindicais xa e legalizar formalmente o que xa o é de facto.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 7ª:

--Cal é a razón pola que non se teñen convocado eleccións sindicais agrarias dende o 2.002?

--Cales son os criterios de legalidade para a Consellería de Medio Rural considerar legal unha organización de profesionais?

--Os resultados das eleccións de 2002 son inmutables e eternos?

--Hai organizacións presentes naquela altura que hoxe non existen ou si?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 11/01/2018 11:53
Nº Rexistro: 22758

Data envío: 11/01/2018 11:53:09.372

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2018

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 11/01/2018 11:50:41

María Montserrat Prado Cores na data 11/01/2018 11:50:50

Ana Pontón Mondelo na data 11/01/2018 11:50:52

Olalla Rodil Fernández na data 11/01/2018 11:51:00

Noa Presas Bergantiños na data 11/01/2018 11:51:01



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2018 11:53
Nº Rexistro: 22758
Data envío: 11/01/2018 11:53:09.372

Xosé Luis Bará Torres na data 11/01/2018 11:51:06

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e
Montes

Día: 09.02.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 22911(10/POC-003773)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as medidas adoptadas e previstas polo Goberno galego en relación coa perda de explotacións, de superficie agraria utilizada e de unidades de traballo/ano rexistrada en Galicia nos últimos dez anos

Publicación da iniciativa, 246, 24.01.2018



Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araujo, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 7.ª**

O INE publicou a pasada semana a súa Enquisa sobre a Estrutura das Explotacións Agrícolas (EEA) correspondente ao ano 2016, actualizando os datos de 2013.

Isto ben a demostrar o que dende En Marea levamos denunciando durante o ano pasado: a superficie agraria en Galiza reduciuse e o número de explotacións idem.

A Superficie Agraria Utilizada (SAU) descendeu dende o ano 2007 en 148.000 hc. Un 14%.

O descenso corresponde sobre todo aos terreos dedicados a pastos, que diminuíron un 22% dende ese ano 2007.

Redúcese tamén o número total de explotacións agrícolas, dende as 101.537 de 2003 e as 87.782 de 2007 ata as actuais 74.434.

Isto tamén acarreou un descenso nos postos de traballo xerados polo agro galego. Dende as case 121 mil UTA (Unidades de Traballo Ano) de 2003 ás ao redor de 70 mil de 2016, unha redución do 42%.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2018 11:11
Nº Rexistro: 22911
Data envío: 12/01/2018 11:11:19.725



Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral na Comisión 7.ª

1. É consciente a Xunta de Galicia desta terrible perda no que a SAU´s, UTA´s e explotacións se refire no noso país na última década?
2. Conscientes desta situación, que medidas ten levado adiante a Xunta de Galicia nestes últimos anos?
3. Ante as medidas ineficaces tomadas ata o momento... que medidas ten pensado levar adiante a Xunta de Galicia, dende agora, para frear a perda de explotacións, SAU e UTA´s no noso agro?

Santiago de Compostela a 11 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez
Paula Quinteiro Araújo
Deputados do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 12/01/2018 10:53:10



Paula Quinteiro Araújo na data 12/01/2018 10:53:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2018 11:11
Nº Rexistro: 22911
Data envío: 12/01/2018 11:11:19.725



Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes

Día: 09.02.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.6 23387(10/POC-003885)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José e 6 máis

Sobre o orzamento que está a destinar a Consellería do Medio Rural para os plans de incorporación da mocidade á actividade agraria, así como para os de mellora das explotacións

Publicación da iniciativa, 247, 25.01.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2018 10:25
Nº Rexistro: 23387
Data envío: 17/01/2018 10:25:28.986

A Mesa do Parlamento

José González Vázquez, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Silvestre Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado e Daniel Vega Pérez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Desde o Grupo Parlamentario Popular cremos necesario falar nesta Comisión e poñer en valor o traballo que está a desenvolver a Xunta de Galicia e, en concreto a Consellería de Medio Rural, para apostar polo futuro das nosas ganderías.

Son varias as medidas e programas que se destinan dende a Consellería de Medio Rural e dende outros departamentos da Xunta ao desenvolvemento do rural e fixar poboación no mesmo, como un obxectivo estratéxico e transversal.

Tendo en conta o relevo xeracional existente na poboación do rural, non podemos estar pasivos senón que temos que actuar de maneira rápida e decidida, por iso este Grupo Parlamentario quere preguntar que medidas se están a adoptar e que orzamento se está a investir para solucionar o problema do relevo xeracional no sector agro gandeiro.

Así, ante o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Que orzamento está a destinar a Consellería de Medio Rural para os plans de incorporación da mocidade á actividade agraria?
- 2.- Que orzamento está a destinar a Consellería de Medio Rural para os plans de mellora nas explotacións?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2018 10:25
Nº Rexistro: 23387
Data envío: 17/01/2018 10:25:28.986**

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

José González Vázquez na data 17/01/2018 10:23:47

María Encarnación Amigo Díaz na data 17/01/2018 10:23:57

Raquel Arias Rodríguez na data 17/01/2018 10:24:05

Silvestre Balseiros Guinarte na data 17/01/2018 10:24:13

Moisés Blanco Paradelo na data 17/01/2018 10:24:20

Carlos Gómez Salgado na data 17/01/2018 10:24:26

Daniel Vega Pérez na data 17/01/2018 10:24:35

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes

Día: 09.02.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.7 23499(10/POC-003913)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para
conseguir que o valor engadido do leite producido en Galicia
quede na súa maioría no territorio galego

Publicación da iniciativa, 247, 25.01.2018



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

Galicia, durante todo o 2016 produciu aproximadamente 2,6 millóns de toneladas de leite, o que equivale ao 40 % (aprox.) dos 6,6 millóns que se contabilizaron no conxunto do Estado español. Pero non só é a comunidade con maior vocación de produción láctea, senón que tamén é a décima rexión produtora de toda a Unión Europea. Castela e León séguea pero cunha produción de 866.000 toneladas.

Agora ben, a posición dominante dos gandeiros galegos con respecto aos gandeiros do resto do conxunto do Estado, non é dominante en canto ao sector industrial. Os galegos lideran o mercado produtor primario mentres que nin a recollida de leite nin a súa transformación en diferentes produtos derivados teñen demasiado capital galego. Todo o contrario, xa que 7 de cada 10 litros de leite saídos das explotacións galegas son recollidos ou entregados a empresas de fóra da comunidade autónoma e, practicamente a metade do total sae de fóra para ser transformado noutros produtos.

Hoxe en día, as principais empresas que recollen leite das nosas explotacións son de fóra de Galicia, mentres que a primeira empresa galega que recolle o leite é Leche Río, a cal leva sufrindo unha redución de máis do 50 % en tres anos. Séguelle a estela Feiraco e Celega, que teñen un volume inferior a Leche Río.

Por outra banda, un dato bastante relevante sobre a cadea de produción do leite galego é a flota de cisternas que mercan o leite aos produtores e o levan ás plantas de transformación. Estes primeiros compradores actúan dunha maneira perigosa, xa que en moitos casos a súa actividade ten unha influencia negativa sobre os prezos do leite cru na orixe. A súa situación



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2018 17:21
Nº Rexistro: 23499
Data envío: 17/01/2018 17:21:27.427



Grupo Parlamentario

púxose de releve no acordo lácteo subscrito hai dous anos, o que pasa é que aínda non se regulou a súa actividade.

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1ª) Ten pensado a Xunta de Galicia regular a situación destes primeiros compradores de leite cru para evitar o impacto negativo no prezo do leite, se for o caso, que medidas e en que prazo?

2ª) Ten a Xunta de Galicia algunha medida para tratar de conseguir que o valor engadido do leite se poida quedar na súa maioría en territorio galego e chegar a unha porcentaxe máis adecuada ca súa produción a nivel estatal, de ser o caso, que medidas e en que prazo?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 17/01/2018 17:14:49

José Antonio Quiroga Díaz na data 17/01/2018 17:14:59

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e
Montes

Día: 09.02.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.8 24029(10/POC-004004)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre os protocolos que ten a Xunta de Galicia para evitar nos concellos rurais a interrupción prolongada do acceso ás tecnoloxías da información e da comunicación

Publicación da iniciativa, 251, 01.02.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo e Davide Rodríguez Estévez, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.ª**.

A “lexislatura do rural” ameaza con expulsar á pouca poboación galega que aínda resiste no campo. O Goberno popular non está sabendo abordar as súas crises, acrecentadas este ano polas condicións meteorolóxicas extremas; tampouco está atallando as deficiencias dos seus servizos públicos, ao contrario, continúa brindando ao rural galego un trato de segunda categoría.

As diferencias entre o espazo rural e o urbano acrecéntanse cando falamos do acceso ás novas tecnoloxías da información e da comunicación. Segundo datos provenientes do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA) o 37% dos fogares que atopamos no rural non dispón de conexión a internet, mentres que nas cidades galegas a porcentaxe descende ata o 19%. Máis grave é a situación en Ourense e Lugo, onde a dispersión dos núcleos de vivendas e o envellecemento é maior. No rural ourensán, pouco máis da metade dos fogares contan con conexión á rede. En Lugo, a porcentaxe sube un pouco, ata o 62%. Que isto suceda non é unha casualidade. É o resultado da inacción da Xunta de Galicia, que non está cumprindo coa súa obriga de achegar internet a toda a cidadanía, afondando, deste xeito, na brecha tecnolóxica.

Ademais do acceso ás novas tecnoloxías, o mantemento dos seus servizos tamén presenta importantes problemas no rural. Estámolo a ver neste momento en Visuña, unha parroquia da montaña lucense que se atopa en Folgoso do Courel. O 8 de xaneiro produciuse unha avaría masiva que deixou o lugar practicamente



incomunicado dende o punto de vista tecnolóxico. Dende entón, fallan os teléfonos fixos, a cobertura do móbil, que só aparece nalgúns momentos o día, e internet, que case non existe. O feito de que unha situación semellante sexa impensable nun entorno urbano di moito acerca do trato discriminatorio que reciben os pobos e as pequenas vilas do rural galego.

A Xunta de Galicia ten a obriga de garantir a igualdade de oportunidades de tódolos galegos e galegas; ten, polo tanto, a obriga de evitar que se produzan escenas como a de Visuña; e cando sucedan, ten que poñer os medios para solucionarlas de inmediato. O dereito á información e a comunicación non é un privilexio. É un dereito que ten que ser accesible a todo o mundo.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

- Con que protocolos conta a Xunta de Galicia para evitar que os concellos rurais vexan interrompido de maneira prolongada o seu acceso ás tecnoloxías da información e da comunicación?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Davide Rodríguez Estévez

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2018 10:27
Nº Rexistro: 24029
Data envío: 24/01/2018 10:27:42.082

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 24/01/2018 10:15:01

David Rodríguez Estévez na data 24/01/2018 10:15:16